



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

VI 1893b

Palmeira, miña, Palmeira,
Palmeira, que triste estás,
e na serra da gaiteira
rondáronche o teu rapaz,
roubáronche o teu querer
o teu rapaz de pimpón
Palmeira da miña vida,
Palmeira do corazón.

VI 1895c

A Palmeira fixo un traxe
pensando de se casar,
ha de gastar aquel i outro
e ha de quedar como está.

La la larara la la lá
cha pa para pa lalá
la la la la la la la
la la lara la la lá.

- Eu non lle sei máis (...)

O viño [tinto] é meu primo
e o aguardiente parente,
non vén día a este mundo
que non vexa á miña xente.
Lara larala...

As nenas de Rao
cuando van co gado
espetan a vara
e bailan o tango
e bailan o tango
e maila muiñeira,
as nenas de Rao
non hai quen as queira.

Ai ó medio, ó medio do río
ó compás o compás do cantar,
o veciño que viña de lonxe
viñache á túa porta petar.

IV 546b

Sonche da villa de Meira
teño amores en San Cosme,
i o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.



I 231b

As castañas ben se comen
i o viño vaise bebendo,
o cariño vai entrando,
a honra vaise perdendo.

IV 711c

O cura e maila criada
van até os cabritiños
a criada cai de cú,
i o cura cai de fuciños.